


1 XHTML

Un documento (X)HTML compoñe de tres partes: unha **declaración** da versión HTML ou XHTML empregada, unha **cabeceira** con información sobre o documento e un **corpo** có contido do documento.

1.1 Sumario

- 1 Introducción
- 2 Declaración XML
- 3 Declaración do tipo de documento
- 4 O elemento raíz
- 5 A cabeceira do documento
- 6 O corpo do documento

1.2 Introducción



Os elementos que establecen a estrutura dun documento (X)HTML son os seguintes:

- **html**: Elemento raíz dun documento (X)HTML.
- **head**: Cabeceira. Contén outras etiquetas como:
 - ◊ **title**: Título do documento.
 - ◊ **meta**: Metadatos (información sobre o documento).
- **body**: Corpo do documento.

O seguinte exemplo mostra a estrutura dun documento XHTML mínimo segundo a especificación da recomendación XHTML 1.0.

```
<?xml version="1.0" encoding="UTF-8"?>
<!DOCTYPE html PUBLIC "-//W3C//DTD XHTML 1.0 Transitional//EN"
"http://www.w3.org/TR/xhtml1/DTD/xhtml1-transitional.dtd">
<html xmlns="http://www.w3.org/1999/xhtml" xml:lang="gl" lang="gl">
  <head>
    <title>Título do documento</title>
  </head>
  <body>
    Contido do documento...
  </body>
</html>
```

1.3 Declaración XML

```
<?xml version="1.0" encoding="UTF-8"?>
```

Identifica a versión de XML. Esta declaración non é necesaria se a codificación é UTF-8 e, incluso, ás veces crea algún que outro problema, polo que normalmente se omiten.

1.4 Declaración do tipo de documento

```
<!DOCTYPE html PUBLIC "-//W3C//DTD XHTML 1.0 Transitional//EN"
"http://www.w3.org/TR/xhtml1/DTD/xhtml1-transitional.dtd">
```

A declaración do tipo de documento (DOCTYPE) indica ao navegador que DTD empregar para analizar sintacticamente o documento. Un DTD é un documento de texto que lista todos os elementos, atributos e regras de uso do (X)HTML. Para o estándar que imos ver, XHTML 1.0, esta declaración é a mais axeitada.

A declaración do tipo de documento (DOCTYPE) en html5 é moito máis simple.

```
<!DOCTYPE html>
```

1.5 O elemento raíz

```
<html xmlns="http://www.w3.org/1999/xhtml" xml:lang="gl" lang="gl">
...
</html>
```

O elemento html é o elemento raíz de todos os documentos HTML e XHTML. Todos os elementos do documento están contidos no elemento raíz.

Atributos de `<html>`:

- **Espazo de nomes:** Un espazo de nomes é unha colección de nomes de elementos e atributos segundo a especificación da DTD dunha determinada linguaxe. En XHTML 1.0 e 1.1 o identificador do espazo de nomes é:
`xmlns="http://www.w3.org/1999/xhtml"`.
É obrigatorio poñer este atributo de `html` nos documentos XHTML.
- **Idioma:** Identifica o idioma no que está escrito o noso documento.
No caso do galego: **`xml:lang="gl" lang="gl"`**

En html5, simplifícase todo e so teríamos que introducir o elemento raíz

```
<html>
...
</html>
```

1.6 A cabeceira do documento

Defínese mediante a seguinte etiqueta:

```
<head> ... </head>
```

O elemento `<head>`, ou cabeceira, é a parte do documento onde se inclúe información importante sobre o propio documento para os usuarios, os navegadores e os buscadores. Tamén é o lugar onde se gardan scripts e follas de estilo incrustadas.

Elementos de `<head>`:

- **Elemento `<title>`:** Todo elemento `<head>` debe incluír no seu interior un elemento `<title>`, que proporcione unha descrición dos contidos da páxina que estamos a crear.

```
<title> ... </title>
```

Hai que poñerlle ás páxinas títulos descritivos e evitar que sexan xenéricos (como "Benvidos" ou "A miña páxina"). Isto é porque o título é o que aparece nos marcadores, na lista de favoritos, na barra superior do navegador e, ademais, é o primeiro que os buscadores len da páxina para indexala.

Un exemplo de título:

```
<title>Web do IES San Clemente</title>
```

- **Elemento `<meta>`:** Este elemento ten moitas aplicacións distintas. Utilízase moito para incluír información sobre un documento, como a codificación de caracteres, a data de creación, a descrición, etc.
Un documento pode ter o número que se queira de elementos `<meta>`.
Hai dous tipos de elementos `<meta>` segundo se utilicen os atributos `name` ou `http-equiv`. A sintaxe dos dous tipos `<meta>` é a seguinte:

```
<meta http-equiv="nome" content="contido" />
<meta name="nome" content="contido" />
```

Atributos do elemento `<meta>`:

◊ **http-equiv**: Dá información ó navegador para que trate dun xeito en particular o documento. Por exemplo:

```
<meta http-equiv="Content-Type" content="text/html; charset=iso-8859-1" />
```

- **text/html**: Indica que o documento sexa analizado como *html* pois moitos navegadores non están preparados para analzalos como documentos XML.

- **charset=iso-8859-1**: Estase especificando a codificación dos caracteres. Neste caso indícase a ISO-8859-1 que consiste en todos os caracteres dos idiomas de Europa Occidental.

◊ **name**: Este atributo emprégase para introducir información oculta sobre o documento. Por exemplo:

```
<meta name="author" content="Xosé Toxo Moreno" />
<meta name="copyright" content="2007, IES San Clemente" />
```

Nomes meta para motores de busca: A maioría dos motores de busca atenden ós elementos meta das páxinas para buscalas e engadilas ás súas bases de datos. Os máis empregados son:

- **description**: Descrición breve dos contidos da páxina web. Moi útil se esta contén pouco texto.

```
<meta name="description" content="Características dos microprocesadores" />
```

- **keywords**: Complementa o título e a descrición do documento. Trtábase dunha lista de palabras clave útiles para indexar o documento. Actualmente desaconsellase o uso deste atributo xa que os buscadores non o usan, e máis o seu uso está penalizado.

```
<meta name="keywords" content="hardware, ordenador, microprocesador, overclocking" />
```

- **author**: Identifica o autor da páxina web.

```
<meta name="author" content="Oliver Troncoso" />
```

1.7 O corpo do documento

```
<body> ... </body>
```

No elemento *body* vai todo o contido do documento (a parte que aparece no navegador). O corpo dun documento (X)HTML podería consistir en parágrafos de texto, nun conxunto de imaxes, táboas, obxectos multimedia.

Neste elemento, coa chegada das follas de estilo, existen moitos **elementos obsoletos**:

Atributos body obsoletos e equivalentes CSS

Atributo body	Descrición	Estilo equivalente CSS
text="#rrgbb"	Axusta a cor para todo o texto do documento.	body {color: color}
link="#rrgbb"	Axusta a cor para os hipervínculos.	a:link {color: color}
vlink="#rrgbb"	Axusta a cor para os hipervínculos xa visitados.	a:visited {color: color}
alink="#rrgbb"	Axusta a cor para un hipervínculo cando vai ser usado.	a:active {color: color}
bgcolor="#rrgbb"	Axusta a cor de fondo para toda a páxina.	body {background-color: color}
background="URL"	Especifica unha imaxe de fondo da páxina.	body {background-image: url (nomearquivo.gif)}

--Vieites

--Arribi 12:10 21 oct 2010 (BST)